



GOBERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE EMPREGO
E SEGURIDADE SOCIAL

SECRETARÍA DE ESTADO
DA SEGURIDADE SOCIAL



Instituto Social
da Mariña

DIRECCIÓN PROVINCIAL
DE

CERTIFICADO DE EMPRESA PARA A SOLICITUDE DE INCAPACIDADE TEMPORAL

D/D^a con DNI - NIE - pasaporte

que desempeña na empresa o cargo de

CERTIFICA, que son certos os datos relativos á empresa, así como os persoais, profesionais e de cotización, que a continuación se consignan:

1. DATOS DA EMPRESA

Nome ou razón social					Código de conta de cotización				
Enderezo				Número	Bloque	Escaleira	Piso	Porta	Código postal
Localidade			Provincia			Teléfono			

2. DATOS DO/DA TRABALLADOR/A

Apelidos e nome					DNI - NIE - pasaporte				
domicilio				Número	Bloque	Escaleira	Piso	Porta	Código postal
Localidade		Provincia		Número da Seguridade Social		Grupo de cotización			

DATOS LABORALES

Profesión		Categoría	Data de alta na empresa		Data de baixa na empresa	
Data da extinción do contrato de traballo		Tipo de contrato(1)	Causa da extinción do contrato de traballo(2)			

¿Ten días de vacacións anuais retribuídas e non gozadas?(3) SÍ NON Núm. días..... desde:..... ata:.....

DATOS DA INCAPACIDADE TEMPORAL

Data da baixa médica	Último parte de confirmación aboado: número:	data:
----------------------	--	-------------

BASES DE COTIZACION DO MES ANTERIOR AO DA BAIXA MÉDICA(4) (en caso de contrato a tempo parcial certificaranse os 3 meses inmediatamente anteriores)

Ano	Mes	Núm. días cotizados	Base de cotización continxencias comúns	Base AT/EP	Observacións(5)

3. BASES DE COTIZACIÓN POR CONTINXENCIAS COMÚNS E POR AT/EP, SEGUNDO TC-2, DURANTE OS ÚLTIMOS 180 DÍAS PRECEDENTES Á EXTINCIÓN DO CONTRATO DE TRABAJO

Ano	Mes(6)	Núm. días cotizados(7)	Base de cotización de Continxencias comúns	Base AT/EP(8)
Por vacacións anuais retribuídas e non aproveitadas* Antes da data do cesamento na empresa(9)				
TOTAIS				

....., a de de 20

Sinatura e selo

NORMATIVA REFERENTE AO CERTIFICADO

Nos casos de solicitude de pagamento directo por extinción da relación laboral precísanse as bases de cotización polas que se cotizou durante os últimos 180 días, dentro dos 5 anos anteriores á extinción do derradeiro contrato, polo que, se o/a solicitante traballou en varias empresas, achegará tantos certificados como sexan necesarios para completar o período indicado.

No caso de pluriemprego deberá acompañarse un certificado coas bases de cotización do mes anterior á baixa médica coas cotizacións dos 180 días anteriores á primeira extinción, en cada unha das empresas, aínda que unicamente se extinguiña a relación laboral nunha delas.

INSTRUCCIÓNS PARA CUBRIR O CERTIFICADO

- (1) Indicar se o tipo de contrato é indefinido, fixo-discontínuo, etc.
- (2) Por extinción do contrato durante o período de proba, finalización do contrato, a instancia do empresario (despido procedente, improcedente ou causa obxectiva), expediente de regulación de emprego, etc.

No suposto de finalización dun contrato temporal farase constar o motivo polo que non se prorrogou (por vontade do empresario ou por vontade do traballador).

Se o cesamento foi nun contrato de interinidade reflectirase se se debeu á incorporación do/da traballador/a cuxo posto de traballo se estaba a ocupar ou por outro motivo.

- (3) Faranse constar, no seu caso, os días de vacacións anuais retribuídas que non se gozasen con anterioridade á finalización da relación laboral, de acordo co disposto no artigo 209.3 da Lei Xeral da Seguridade Social, texto refundido aprobado por Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño.

A cotización das vacacións non aproveitadas será obxecto de liquidación complementaria á do mes da extinción do contrato, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Orde TAS/118/2003, do 31 de xaneiro pola que se desenvolven as normas de cotización á Seguridade Social, desemprego, fondo de garantía salarial e formación profesional.

- (4) Unicamente deberá cubrir este apartado (sempre que o mes anterior á baixa médica non figure, por ser máis antigo, entre os que se certificaran nos últimos 180 días precedentes á extinción do contrato de traballo), nos seguintes supostos:

- a) No caso de pluriemprego, debe acompañar un certificado coas bases de cotización do mes anterior á baixa médica e coas cotizacións dos 180 días anteriores á primeira extinción, en cada unha das empresas, aínda que unicamente se extinguiña a relación laboral nunha delas.
- b) En todos os supostos de extinción da relación laboral, incluído o procedente de pluriemprego, nos que se teñan días de vacacións anuais retribuídas e non aproveitadas.
- c) No caso de esgotamento do prazo máximo de duración da incapacidade temporal.

No caso de tratarse dun contrato a tempo parcial, deberán certificarse os tres meses inmediatamente anteriores á baixa médica, sempre que non figuren entre os que se certificaran nos 180 días precedentes á extinción da relación laboral.

- (5) Indicar calquera outra circunstancia especial referida á cotización (folga, suspensión por sanción sen emprego e soldo, etc.)
- (6) Indicar os meses precedentes á situación de extinción da relación laboral.
- (7) Os días que se teñen que reflectir como cotizados, correspondentes aos 6 últimos meses, serán os que efectivamente se cotizasen, xa sexan meses de 28, 29, 30 ou 31 días, tal e como aparece reflectido no mod. Tc-2 de cotización á Seguridade Social.

No suposto de que a extinción da relación laboral se produza no medio dun mes, indicárase o número de días exactos ata a data da devandita situación, correspondentes a ese mes, engadindo os necesarios do mes anterior aos seis últimos meses, ata completar un total de 180 días.

- (8) Excluíranse das bases de cotización as percepcións por horas extraordinarias.
- (9) Se non hai vacacións anuais retribuídas e non aproveitadas antes do cesamento, ou corresponden a unha relación laboral inferior a 12 días, farase constar cero. Se hai, en todo caso, téñense que redondear ao enteiro superior.